



RESOLUCIÓN 9/2019 – ARQUITECTOS DE GALICIA

En Pleno:

D. Ignacio López-Chaves Castro, Presidente

D. Daniel Neira Barral, vogal/Secretario.

Santiago de Compostela, a 26 de decembro de 2019

O Pleno da Comisión Galega da Competencia (CGC) coa composición arriba indicada e sendo relator D. Ignacio López-Chaves Castro, **dita a presente Resolución** en relación co expediente **Expediente S 5/2016 Arquitectos de Galicia** ante a denuncia presentada pola mercantil Construcciones Cesanvi, S.L, contra el Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia por presuntas prácticas prohibidas pola Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC) consistentes na aprobación e publicación dun “baremo de mínimos do Colexio de Arquitectos de Galicia”. S.A., pola posible existencia de prácticas prohibidas.

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 19 de outubro de 2015, presentouse na Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) escrito de denuncia (con referencia CNMC CNR GAL 25-28/15 ARQUITECTOS DE GALICIA) presentada no citado organismo por Construcciones Cesanvi, S.L, por presuntas prácticas prohibidas pola lexislación de competencia, consistentes na aprobación e publicación dun “baremo de mínimos do Colexio de Arquitectos de Galicia”.

En particular, no citado escrito denunciábase que un membro do COAG presentara unha reclamación xudicial fronte ao denunciante reclamando o importe dos seus honorarios profesionais, calculados “conforme ao baremo de mínimos do Colexio



de Arquitectos de Galicia”. Engade o denunciante que “devanditos orzamentos non foron asinados polos membros desta mercantil nin se coñecen, dado que non se contratou a aplicación dos citados baremos profesionais, á marxe de que non eran aplicables de maneira obrigatoria na data da contratación dos traballos (2009) e na actualidade”.

Segundo.- Como consecuencia da comunicación remitida pola CNMC tramitouse a asignación de competencia previsto no artigo 1 da Lei 1/2002, de coordinación de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de defensa da competencia, que determinou a competencia desta Comisión Galega da Competencia.

Terceiro.- A vista da denuncia a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia, de conformidade co disposto no artigo 49.2 da LDC da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC) iniciou unha información reservada efectuando diversos requirimentos para obter a información que lle permitira esclarecer a veracidade dos feitos denunciados e a súa transcendencia xurídica. Con data 16 de xuño de 2016 a Subdirección de Investigación da CGC elevou o Pleno da CGC a súa proposta de non incoar expediente sancionador e de archivar as actuacións levadas a cabo, conforme o previsto no artigo 49.3 LDC.

Cuarto.- O pleno da CGC acordou o 10 de febreiro de 2017 devolver o expediente a la Subdirección de Investigación ao obxecto de que realizase as actuacións que considere necesarias co fin de descartar ou confirmar a existencia de indicios que permitisen incoar o expediente sancionador, de acordo co previsto no artigo 49 da LDC.

Quinto.- A Subdirección de Investigación despois de levar a cabo unha información reservada e de realizar as actuacións necesarias , acordou incoar, en data 5 de xuño de 2018, o expediente sancionador S 5/2016 ante a existencia de indicios racionais dunha posible conduta prohibida polo artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC), consistente en manter a disposición dos colexiados un verdadeiro baremo de honorarios, o que foi notificado aos interesados en tempo e forma.

Sexto.- A Subdirección de Investigación con data 26 de setembro de 2018, formulou Prego de Concreción de Feitos (PCF) que foi notificado a os interesados.

Sétimo.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 16 de outubro de 2018 presentou alegacións ao Prego de Concreción de Feitos.

Octavo.- Con data 10 de decembro de 2018, o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) presentou unha solicitude de inicio do procedemento de



Terminación Convencional e a suspensión do procedemento sancionador S 5/2018, que estaba a instruír a Subdirección de Investigación.

Noveno.- En virtude da anterior solicitude e consonte ao disposto no artigo 52 LDC e do artigo 39 do Real Decreto 261/2008, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia (RDC), a Subdirección de Investigación da Comisión galega da Competencia acordou o 18 de decembro de 2018 o inicio das actuacións tendentes a terminación convencional no procedemento sancionador S 5/2018 e suspendeu a instrución dos mesmos ata que conclúan as negociacións (art. 37.1.g) LDC e art. 12.1.c) RDC.

Décimo.- A entidade requirida presentou, con data 9 de xullo, escrito de proposta de compromisos aprobada pola Xunta de Goberno do COAG na súa sesión 10/2019 de 4 de xullo.

Undécimo.- Desta proposta de compromisos, a Subdirección de Investigación deu traslado o 6 de setembro de 2019 a Dirección de Competencia da CNMC para que, no prazo de 15 días, presentaran alegacións. Dende a Dirección de Competencia da CNMC non se formularon alegacións durante ese prazo.

Duodécimo.- Con data 29 de novembro de 2019, a Subdirección de Investigación elevou a súa proposta de terminación convencional ao Pleno da Comisión Galega da Competencia, manifestando que, ao seu xuízo, os compromisos ofrecidos polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia son suficientes para resolver os efectos sobre a competencia derivados da conducta obxecto do expediente sancionador e para que quede garantido o interese público.

Decimo terceiro.- Para a súa efectividade, os compromisos deberán ser aprobados pola Comisión Galega da Competencia e incorporados á Resolución que poña fin ao procedemento, momento tralo cal serán vencellantes (art. 52 LDC). Para garantir o cumprimento dos compromisos, a Subdirección de Investigación exercerá as funcións de vixilancia, ao abeiro do disposto no artigo 41 LDC.

Décimo cuarto.- O Pleno da CGC deliberou e pronunciouse sobre o presente asunto na reunión celebrada o día 26 de decembro de 2019.

II.- AS PARTES

Primeiro.- Son interesados neste expediente:



1º.- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

A entidade denunciada é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) que é unha Corporación de Dereito Público, constituída segundo a Lei e integrada polos Arquitectos que reúnen os requisitos establecidos nestes Estatutos. O COAG ten personalidade xurídica propia, a súa capacidade de obrar é plena para o cumprimento dos seus fins e goza de plena autonomía no marco da normativa que lle é de aplicación e baixo a garantía xurisdiccional dos Tribunais de Xustiza. O ámbito territorial do COAG é o de Galicia, con carácter de Colexio Profesional único, e, como tal, asume para a profesión as funcións atribuídas ós Consellos Galegos de Colexios, segundo a normativa vixente. O COAG ten a súa sé en Santiago de Compostela e o seu domicilio social na Casa da Conga; Quintana de Mortos número 3. Ten establecidas Delegacións nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago de Compostela e Ferrol.

Segundo o artigo 5 dos seus Estatutos, son fins esenciais do COAG:

- “a) Procura-lo perfeccionamento da actividade profesional dos Arquitectos ó servizo da sociedade.
- b) Ordena-lo exercicio profesional no marco das Leis.
- c) Mirar pola observancia da deontoloxía da profesión e polo respecto debido ós dereitos dos cidadáns.
- d) Representar e defende-los intereses xerais da profesión, en particular nas súas relacións cos poderes públicos.
- e) Defende-los dereitos e intereses profesionais dos seus membros.
- f) Realiza-las prestacións de interese xeral propias da Arquitectura e do Urbanismo que considere oportunas ou que lle encomenden os poderes públicos conforme á Lei.”

2º.- A Dirección de Competencia da Comisión Nacional de Mercados e da Competencia.

A Lei 3/2013, de 4 de xuño, de creación da CNMC estipula no artigo 25.1. a) que a Dirección de Competencia exercerá as funcións de instrución dos expedientes tramitados por condutas anticompetitivas. Consonante ao anterior, é parte interesada neste procedemento a Dirección de Competencia da CNMC. A CNMC, de acordo co disposto nos artigos 1 e 2 da LCNMC, é unha entidade de Dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, actualmente adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade, que "ten por obxecto garantir, preservar e promover o correcto funcionamento, a transparencia e a existencia dunha competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos, en beneficio dos consumidores e usuarios ". Actuará no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins con autonomía orgánica e funcional, plena independencia das Administracións



Públicas, e sometemento a esta Leis e ao resto do ordenamento xurídico. A Lei 1/2002 establece no seu artigo 5.3 que, ao obxecto de procurar a aplicación uniforme da LDC, o Servizo de Defensa da Competencia (actualmente, Dirección de Competencia, da CNMC) poderá comparecer, en calidade de interesado, nos procedementos administrativos tramitados polos órganos de defensa da competencia das Comunidades Autónomas.

III.- ANALISE DO MERCADO RELEVANTE

Como sinala a Comisión Europea na Comunicación 97/C 372/03 a definición de mercado permite determinar o marco da competencia entre as empresas, sendo o seu principal obxectivo o de establecer de forma sistemática as limitacións que afrontan as empresas afectadas desde o punto de vista da competencia. A noción de mercado tanto desde o punto de vista do produto como da súa dimensión xeográfica debe identificar a aqueles rivais que poden limitar o comportamento daquelas ou impedirlles actuar con independencia de calquera presión competitiva.

Para determinar a forma na que se aplican os conceptos, a referida Comunicación di no apartado 9 que "o mercado de referencia no marco do cal se examina unha cuestión de competencia determínase combinando o mercado de produto e o mercado xeográfico".

O mercado de produto de referencia comprende a totalidade de los produtos (bens e servizos) que os consumidores consideren intercambiáveis o substituíbles en razón de seus características, o seu prezo ou o uso que se queira facer de eles.

O mercado xeográfico comprende a zona na que as empresas afectadas desenvolven actividades de subministro dos produtos e de prestación dos servizos de referencia homoxéneas e diferenciadas das zonas xeográficas mais próximas

O Pleno está de acordo coa delimitación do mercado relevante feito pola Subdirección de Investigación no Prego de Concreción de Feitos, que concluíu que o mercado relevante é:

Primeiro.- Mercado relevante de produto

No presente caso o mercado de produto de referencia comprende os servizos profesionais prestados polos profesionais da Arquitectura

Segundo.- Mercado xeográfico



O mercado xeográfico correspóndese coa Comunidade Autónoma de Galicia, que onde se estenden as atribucións conferidas ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Terceiro.- Mercado temporal

O mercado de referencia estenderíase desde que entrou en vigor a prohibición de calquera tipo de baremo de honorario ata a actualidade. Isto é, desde a entrada en vigor da reforma da Lei de Colexios profesionais efectuada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

IV.- NORMATIVA APLICABLE

Primeiro.- Normativa sobre colexios profesionais

A Lei 2/1974, de 13 de febreiro, sobre Colexios Profesionais dispón no seu artigo 1 que os Colexios Profesionais son Corporacións de Dereito Público, amparadas pola Lei e recoñecidas polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins. Son fins esenciais destas Corporacións a ordenación do exercicio das profesións, a representación institucional exclusiva das mesmas cando estean suxeitas a colexiación obrigatoria, a defensa dos intereses profesionais dos colexiados e a protección dos intereses dos consumidores e usuarios dos servizos dos seus colexiados, todo iso sen prexuízo da competencia da Administración Pública por razón da relación funcional.

O exercicio das profesións colexiadas realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á Lei sobre Defensa da Competencia e á Lei sobre Competencia Desleal. Os demais aspectos do exercicio profesional continuarán rexéndose pola lexislación xeral e específica sobre a ordenación substantiva propia de cada profesión aplicable (artigo 2.1). Os acordos, decisións e recomendacións dos Colexios observarán os límites da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia (artigo 2.4).

Segundo.- Sometemento dos colexios profesionais (en concreto, de arquitectos) á normativa de competencia

A reiterada emisión de resolucións por parte das Autoridades de competencia relativas aos distintos colexios profesionais converte en redundante toda insistencia sobre este extremo. O fundamento de tal suxeición radica en que aqueles poden



actuar como operadores económicos. Consecuentemente, e ao abeiro do artigo 2, apartado 2 da Lei 2/1974, de 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, “o exercicio das profesións colexiadas realizarase en réxime de libre competencia e estará suxeito, en canto á oferta de servizos e fixación da súa remuneración, á Lei sobre Defensa da Competencia e á Lei sobre Competencia Desleal (...)”¹.

Terceiro.- A prohibición dos baremos de honorarios.

A regulación dos honorarios profesionais contida na Lei 91/1974 sobre Colexios Profesionais (LCP) na súa redacción actual trala reforma operada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (en adiante, Lei Ómnibus), establece no seu artigo 2 que o exercicio das profesións colexiadas debe realizarse en réxime de libre competencia, quedando suxeito ao disposto na LDC.

En decembro de 2009, a Lei Ómnibus eliminou a función colexial de establecer baremos de honorarios orientativos ao engadir un novo artigo 14 á LCP, que prohíbe expresamente aos Colexios establecer recomendacións sobre honorarios “ni calquier outra orientación, recomendación, directriz, norma o regra sobre honorarios profesionais”. Unicamente se introduce como excepción a posibilidade de elaborar criterios a efectos da taxación de costas e da xura de contas dos avogados, regulada na Disposición adicional cuarta da LCP. Así mesmo, la Disposición Derrogatoria da Lei Ómnibus dispuxo a derogación de “cuantas disposicións de rango legal o reglamentario, o estatutos de corporacións profesionais e demais normas internas colegiais se opongan a lo dispuesto en esta Ley”.

Sobre a diferenza entre criterio e baremo xa se pronunciara a extinta CNC, no expediente S/0431/12, Asociación Empresarial de Peritaxe e Valoracións Judiciais, entendendo que os criterios serven “para valorar el trabajo realizado en función del conocimiento requerido, tiempo empleado, necesidades de documentación u otros criterios de esta índole” e distinguíndoos de “un listado que establece una serie de tipoloxías genéricas de servizos a los que se les asigna un precio mínimo y un precio máximo, en unos casos, un precio fijo en otros y un vestigio de criterio que haga referencia a la mayor o menor necesidad de tiempo para elaborar los respectivos peritajes”.

V.- FEITOS ACREDITADOS

¹ Sobre o carácter de operador económico atribuído aos colexios profesionais e a conseguinte aplicación do Dereito da Competencia, remitímonos ao sinalado pola Axencia de Competencia de Andalucía no fundamento xurídico terceiro – páxinas 21 a 24- da Resolución S/02/2012, *Consejo Andaluz de Colegios Oficiales de Arquitectos*



Do prego de concreción de feitos (PCF) realizado pola Subdirección de Investigación resultan acreditados os seguintes feitos:

Primeiro.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) ten a disposición dos seus colexiados na súa web oficial dentro do apartado de lexislación un baremo de honorarios baixo a rúbrica “Antiguo Baremo Colegial e Histórico de Módulos y de Ca (no vigente)”, que pode ser descargado en formato pdf.

Segundo.- O indicado Baremo Colexial inclúe no seu texto ademais dos honorarios recomendados outro contido relativo ao cálculo do presuposto de execución material dunha obra (PEM), que constitúe un contido preceptivo do proxecto de execución dunha obra de edificación e ademais utilízase para o cálculo da base do “Imposto sobre construcións, instalacións e obras” (ICIO), que recadan os concellos.

Terceiro.- Como se infire da denuncia que deu orixe a este expediente o baremo estase a empregar polos profesionais como referencia para a fixación dos seus honorarios que, precisamente, é o que a súa prohibición trataba de evitar

VALORACIÓN XURÍDICA

A práctica desenvolvida consistente no mantemento na web oficial do COAG, a disposición dos seus colexiados dun baremo de honorarios, dispoñible en formato pdf, aínda que manteña a indicación de “non vixente” [rúbrica “Antiguo Baremo Colegial e Histórico de Módulos y de Ca (no vigente)”] pode constituír unha recomendación colectiva de prezos, cuxa publicación pode ter un grave efecto sobre as condicións de competencia.

Esta práctica podería infrinxir o artigo 1 LDC

VI.- FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Obxecto do expediente

1.- Dentro das funcións de resolución atribuídas ao Pleno da CGC, o artigo 52.1 da LDC dispón que este poderará resolver, por proposta da Subdirección de Investigación, a terminación convencional do procedemento sancionador incoado cando os presuntos infractores propoñan compromisos que resolvan os efectos



sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e quede suficientemente garantido o interese público.

Dispõe o referido artigo 52 terminación convencional:

1. O Consello da Comisión Nacional da Competencia, por proposta da Dirección de Investigación, poderá resolver a terminación do procedemento sancionador en materia de acordos e prácticas prohibidas cando os presuntos infractores propoñan compromisos que resolvan os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e quede garantido suficientemente o interese público.
2. Os compromisos serán vinculantes e producirán plenos efectos unha vez incorporados á resolución que poña fin ao procedemento.
3. A terminación do procedemento nos termos establecidos neste artigo non se poderá acordar unha vez elevado o informe-proposta previsto no artigo 50.4.

2.- Neste caso, a conduta obxecto do expediente sancionador suscitouse con motivo da existencia na paxina Web oficial do COAG a disposición dos seus Colexiados un baremo de honorarios descargable en formato pdf baixo a rúbrica “Antiguo Baremo Colegial e Histórico de Módulos y de Ca (no vigente)”.

Segundo. - Valoración preliminar da conduta imputada á denunciada.

1.- Como xa sinalou este Pleno, as normas sobre honorarios dun Colexio profesional, constitúen unha decisión colectiva (se son obrigatorias) ou unha recomendación colectiva (se son voluntarias) cuxo obxecto ou efecto restrinxe a competencia no mercado, polo que infrinxe *a priori* o disposto no artigo 1 da LDC. Por iso, a existencia dunha recomendación colectiva de prezos consistente na publicación na Web oficial do Colexio dunha táboa de honorarios profesionais “orientativos”, incumpriría o artigo 1 da LDC.

2.- O Pleno da CGC comparte a valoración que efectúa a Subdirección de Investigación dos compromisos ofrecidos pola denunciada de non só que o COAG retire definitivamente o enlace controvertido, senón que amose expresamente a súa vontade de garantir a competencia no sector, que farán explícito a todos os seus Colexiados.



Ademais, o feito innovador de que o COAG se comprometa en elaborar un Programa de Cumprimento (Compliance Programme) ten como virtualidade que no futuro a entidade, os seus colexiados e os demais operadores que se relacionan con eles, coñezan a importancia de garantir o funcionamento competitivo dos mercados e os perigos, e consecuencias, da infracción das normas de competencia non só para o funcionamento do mercado e para o benestar dos consumidores, senón tamén para as propios infractores, que terán que afrontar expedientes sancionadores coa imposición de importantes sancións económicas. Servirá tamén estes compromisos para promocionar as vantaxes da competencia na actuación profesional, adoptando as medidas preventivas e os procedementos de actuación precisos para limitar a posibilidade de incorrer en novas prácticas anticompetitivas. Destacar que a elaboración dun Programa de Cumprimento (Compliance Programme) será un feito innovador na práctica do sector dos colexios profesionais.

3.- O Pleno comparte o criterio da Subdirección de Investigación no sentido de que os compromisos acadados pola denunciada son suficientes para resolver os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente e para garantir o interese público.

Terceiro.- Valoración dos compromisos presentados pola denunciada para restablecer os niveis de competencia efectiva no mercado

1.- O artigo 52 da LDC dispón que os compromisos presentados polas partes deben ser aptos para: a) resolver os efectos sobre a competencia derivados das condutas obxecto do expediente, e b) garantir suficientemente o interese público. A estes efectos, a *Comunicación da Comisión Nacional da Competencia sobre terminación convencional de expedientes sancionadores* afirma que debe valorarse se os compromisos presentados efectivamente resolven de xeito claro e inequívoco os problemas de competencia detectados; poidan pórse en práctica de xeito rápido e efectivo; e a vixilancia do seu cumprimento e da súa efectividade é viable.

2.- A proposta de compromisos presentada pola denunciada, a través do acordo da Xunta de Goberno do COAG do 9 de xullo de 2019, froito da intensa negociación mantida pola Subdirección de Investigación desta Comisión Galega da Competencia, son os que aparecen como Anexo a esta Resolución. Anexo que forma parte integrante desta Resolución a todos os efectos e consecuencias.

3.- A entidade obrigada o cumprimento destes compromisos é o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG), Corporación de Dereito Público, constituída segundo a Lei e integrada polos Arquitectos que reúnen os requisitos establecidos nestes Estatutos.

4.- O ámbito territorial dos compromisos é o ámbito territorial do COAG, é dicir o da Comunidade Autónoma de Galicia. O COAG dará ademais a coñecer o contido



desta Resolución na páxina web colexial coa mención expresa de que está prohibido o acceso ao antigo baremo colexial e histórico; informará aos colexiados mediante unha circular colexial o motivo do expediente sancionador; informará a os colexiados que a cuestión dos honorarios profesionais é un tema que pertence á autonomía da vontade contractual sobre a base da liberdade dos honorarios, elaborará e poñerá en marcha un programa de cumprimento en materia de competencia; facilitará a CGC a posibilidade de comprobar o cumprimento dos compromisos xa mediante certificacións de cumprimento dos compromisos, xa mediante resposta a peticións informativas de cumprimento o mesmo a través da comprobación *in situ* nas dependencias colexiais por personamento dun representante da CGC; fixa prazos para o cumprimento deses compromisos e non teñen os mesmos unha duración limitada o de caducidade.

5.- A xuízo do Pleno da CGC, os compromisos eliminan os efectos restritivos da competencia no mercado de referencia, garantido o interese público

En virtude de todo o anterior, o Pleno da CGC coa composición recollida ao principio, vistos os preceptos citados e os demais de xeneral aplicación,

RESOLVE

Primeiro.- Declarar e aprobar a Terminación Convencional do Expediente sancionador S 5/2016, por considerar adecuados, suficientes e vinculantes os compromisos presentados pola denunciada Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) concretados no Anexo que acompaña esta Resolución, como parte integrante da mesma, e que eses compromisos asumidos resolven os efectos sobre a competencia derivados da conducta obxecto do expediente y que con eles queda garantido suficientemente o interese público.

Segundo.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) e obrigado ao cumprimento, fiel e puntual, dos compromisos presentados e aprobados que conforman o Anexo.

O seu incumprimento terá a consideración e cualificación de infracción moi grave de acordo co artigo 62.4.c) da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa a Competencia.

Terceiro.- Encomendar á Subdirección de Investigación a vixilancia desta Resolución de terminación convencional e, polo tanto, dos compromisos propostos e das obrigas impostas para o eficaz cumprimento daqueles.

Comuníquese esta Resolución á Subdirección de Investigación do CGC e notifíquese aos interesados facéndolles saber que contra esta non cabe recurso ningún en vía



administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo nos termos previstos na *Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso administrativa*, o cal -por imperativo do artigo 31.2 da *Lei 1/2011, do 28 de febreiro, reguladora do Consello Galego da Competencia* - ha de interpoñerse ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”

D. Ignacio López-Chaves Castro

D. Daniel Neira Barral

Presidente

Vogal/Secretario

ANEXO: COMPROMISOS COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA

“A Xunta de Goberno en relación ao procedemento de terminación convencional en curso do Expediente S 5/2018 acorda a **ASUNCIÓN E TRANSMISIÓN Á COMISIÓN GALEGA DA COMPETENCIA DOS SEGUINTE COMPROMISOS E SOLICITUDE DA SÚA ACEPTACIÓN:**

1.- Publicar na web colexial una mención explícita á Resolución que no seu caso se adopte polo pleno de terminación convencional do expediente sancionador, nos termos xa acordados pola Xunta de Goberno e trasladados a esa Subdirección de investigación mediante escrito de 10 de decembro de 2018 e con mención expresa de que está prohibido o acceso ao antigo baremo colexial e histórico de módulos e ca, non vixente, aínda a efectos “históricos” ou de “lexislación no vixente”, por ser contrario ao disposto na vixente normativa reguladora da competencia (Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia). propoñendo o seguinte texto:

*** *Texto acordado pola Xunta de Goberno do COAG na súa sesión 13/2018, de 4 de decembro e xa trasladado á Subdirección de Investigación da CGC o 10 de decembro de 2018:*





“O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia tiña a disposición dos colexiados no apartado web relativo a “visado” e dentro del, no subapartado “marco regulador”, entre outros contidos, o “Antiguo Baremo Colexial e Histórico de Módulos y Ca” xunto co seguinte aviso:

“Aviso: La Ley estatal 25/2009 de 22 de diciembre de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio, en su modificación de la Ley 2/1974 sobre Colegios Profesionales con su "Artículo 14. "Prohibición de recomendaciones sobre honorarios" establece que "Los Colegios Profesionales y sus organizaciones colegiales no podrán establecer baremos orientativos ni cualquier otra orientación, recomendación, directriz, norma o regla sobre honorarios profesionales". Hasta ese momento, el Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ofrecía a sus colegiados un baremo orientativo que cada año se completaba con los Módulos y Ca correspondientes, a los efectos del cálculo de las cuotas correspondientes al servicio de visado de los trabajos profesionales. Hoy en día este Baremo NO ESTÁ VIGENTE por lo que, únicamente a los efectos de consulta histórica, dichos documentos siguen disponibles a continuación”.

A Comisión Galega da Competencia, iniciou un expediente sancionador ao COAG por manter dito texto a disposición dos colexiados e en maio de 2017 o COAG procedeu a retirar dita publicación.

Dito expediente sancionador finalizou de xeito convencional mediante Resolución do Pleno da Comisión Galega da Competencia de data (consignárase a data da eventual resolución final por terminación convencional), resolución da que se infire que está prohibido o acceso ao Antigo Baremo Colexial e Histórico de Módulos e Ca, non vixente, aínda a efectos “históricos” ou de “lexislación no vixente”, por ser contrario ao disposto na vixente normativa reguladora da competencia (Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da Competencia)”.

2.- Informar aos colexiados mediante Circular Colexial que a orixe do expediente sancionador atopábase no mantemento, aínda co texto relativo á súa non vixencia, do correspondente enlace da web, recordando a prohibición legal de que os colexios establezan baremos orientativos de honorarios, nos termos xa acordados pola Xunta de Goberno e trasladados a esa Subdirección mediante escrito de 10 de decembro de 2018.

Isto é, trasladar a todos os colexiados unha CIRCULAR COLEXIAL co seguinte contido (****contido da circular colexial que xa fora aprobado pola Xunta de Goberno na súa sesión 13/2018 de 4 de decembro e trasladado á Subdirección de Investigación da CGC o 10 de decembro de 2018*):

“O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia tiña a disposición dos colexiados no apartado web relativo a “visado” e dentro del, no subapartado “marco regulador”, entre outros contidos, o “Antiguo Baremo Colexial e Histórico de Módulos y Ca” xunto co seguinte aviso:

“Aviso: La Ley estatal 25/2009 de 22 de diciembre de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio, en su modificación de la Ley 2/1974 sobre Colegios Profesionales con su "Artículo 14. "Prohibición de recomendaciones sobre honorarios" establece que "Los Colegios Profesionales y sus organizaciones colegiales no podrán establecer baremos orientativos ni cualquier otra orientación, recomendación, directriz, norma o regla sobre honorarios



profesionales". Hasta ese momento, el Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ofrecía a sus colegiados un baremo orientativo que cada año se completaba con los Módulos y Ca correspondientes, a los efectos del cálculo de las cuotas correspondientes al servicio de visado de los trabajos profesionales. Hoy en día 3 de 4 este Baremo NO ESTÁ VIGENTE por lo que, únicamente a los efectos de consulta histórica, dichos documentos siguen disponibles a continuación".

A referencia a unha normativa derogada na web colexial mantívose porque é habitual no Colexio a indicación da derogación normativa aos efectos de que os colexiados saiban que unha norma xa non é de aplicación e no entendemento de que a parte do seu contido relativa ao cálculo do presuposto de execución material dunha obra (PEM), que constitúe un contido preceptivo do proxecto de execución dunha obra de edificación e ademais utilízase para o cálculo da base do ICIO, constituía unha información profesional e técnica de interese para os colexiados e que telo á súa disposición estaba amparado pola función de colexial de *"apoyar a los arquitectos en el ejercicio profesional instituyendo y prestando todo tipo de servicios, incluidos los de información profesional y técnica y de formación permanente"* (art. 7.4 b) dos estatutos).

A Comisión Galega da Competencia, iniciou un expediente sancionador ao COAG por manter dito texto a disposición dos colexiados e en maio de 2017 o COAG procedeu a retirar dita publicación.

A orixe de dito expediente sancionador trae causa no feito de que o mantemento (aínda coas cautelas incorporadas que estaban consignadas xunto ao enlace ao texto, relativas a que se trataba dunha normativa colexial derogada ex lege en virtude da *Ley estatal 25/2009 de 22 de diciembre de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio, en su modificación de la Ley 2/1974 sobre Colegios Profesionales en cuxo "Artículo 14. "Prohibición de recomendaciones sobre honorarios" establece que "Los Colegios Profesionales y sus organizaciones colegiales no podrán establecer baremos orientativos ni cualquier otra orientación, recomendación, directriz, norma o regla sobre honorarios profesionales, salvo lo establecido en la Disposición adicional cuarta"*) de tal enlace na web colexial, mentres estivo ata maio de 2017 -data no que foi retirado- tiña un potencial risco de que o citado baremo puidera ser empregado polos profesionais, o que vulneraría a liberdade de fixación de prezos que é precisamente o obxectivo da súa prohibición por parte da lexislación de Colexios Profesionais.

O expediente sancionador finalizou de xeito convencional mediante Resolución do Pleno da Comisión Galega da Competencia de data (consignárase a data da eventual resolución final por terminación convencional) resolución da que se infire que está prohibido o acceso ao Antigo Baremo Colexial e Histórico de Módulos e Ca, non vixente, aínda a efectos "históricos" ou de "lexislación no vixente", por ser contrario ao disposto na vixente normativa reguladora da competencia (Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da Competencia).

Así, procede recordar a todos os colexiados que:

A cuestión dos honorarios profesionais é un tema que pertence á autonomía da vontade contractual e sobre a base da liberdade dos mesmos, os honorarios serán os que no seu caso se pacten de mutuo acordo co cliente.



Así mesmo, procede recordar que no pacto contractual de honorarios cos clientes non se pode facer referencia a ningún baremo colexial de honorarios dada a súa inexistencia como consecuencia da prohibición legal establecida na normativa de Colexios Profesionais, que dispón que os Colexios profesionais non poden establecer baremos orientativos nin calquera outra orientación, recomendación, directriz, norma ou regra sobre honorarios profesionais (artigo 14 Ley 2/1974 de Colegios Profesionales)”.

3.- A elaboración e posta en marcha dun Programa de Cumprimento en materia de Competencia.

4.- O compromiso de facilitar á Subdirección de Investigación a posibilidade de comprobación do cumprimento dos compromisos, xa mediante certificacións de cumprimento, xa mediante resposta a peticións informativas ou sobre contidos da web corporativa o mesmo a través da comprobación in situ nas dependencias colexiais mediante personamento de representante da Comisión Galega da Competencia.

5.- Os antedidos compromisos realizaríanse nos seguintes PRAZOS:

En canto aos compromisos sinalados cos números 1 e 2 relativos a “*Publicar na web colexial una mención explícita á Resolución que no seu caso adopte o Pleno, de terminación convencional do expediente, nos termos xa acordados pola Xunta de Goberno e trasladados a esa Subdirección de Investigación mediante escrito de 10 de decembro de 2018.*” e o de “*Informar aos colexiados mediante circular colexial que a orixe do expediente sancionador atopábase no mantemento, aínda co texto relativo á súa non vixencia, do correspondente enlace da web, recordando a prohibición legal de que os Colexios establezan baremos orientativos de honorarios, nos termos xa acordados pola Xunta de Goberno e trasladados a esa Subdirección mediante escrito de 10 de decembro de 2018.*”

O prazo que se propón para seu cumprimento é o seguinte: A resolución que no seu caso se adopte e notifique pola Comisión Galega da Competencia será incluída na orde do día da sesión da Xunta de Goberno do COAG que se vaia celebrar ou a convocar, segundo sexa o caso, de forma inmediata posterior á recepción de dita resolución, ao obxecto de tomar coñecemento da mesma e acordar, entre outras cuestións, a publicación da mención da Resolución en web (compromiso nº1) e o envío da circular informativa aos colexiados (compromiso nº 2) no prazo proposto. O prazo máximo para publicar e remitir proba de cumprimento á Comisión Galega da Competencia sería de 15 días hábiles que traerían causa de: 10 días hábiles desde a adopción do acordo da Xunta de Goberno para realizar as referidas publicacións, conforme ao prazo estatutariamente previsto para notificar acordos aos interesados. Realizadas ditas publicacións remitirase proba do seu cumprimento á Comisión Galega da Competencia no prazo de 5 días hábiles desde a publicación.

En canto ao compromiso “*A elaboración dun programa de cumprimento en materia de competencia*” (compromiso nº 3) a proposta de prazos deste Colexio é a elaboración e posta en marcha dun programa de cumprimento en materia de competencia no prazo dun ano desde a notificación da eventual resolución de terminación convencional do expediente.



En canto ao compromiso nº 4 de “*facilitar á Subdirección de Investigación a posibilidade de comprobación do cumprimento dos compromisos, xa mediante certificacións de cumprimento, xa mediante resposta a peticións informativas ou sobre contidos da web corporativa ou mesmo a través da comprobación in situ nas dependencias colexiais mediante personamento de representante da Comisión Galega da Competencia*”, a Subdirección de Investigación no seu escrito de novembro de 2018 xa informaba de que a eventual resolución de terminación convencional terá entre o seu contido mínimo “*O réxime de vixilancia do cumprimento dos compromisos*”. Por tal motivo, entendemos que o prazo para que a CGC poida comprobar a execución dos compromisos dos diferentes xeitos ofrecidos no compromiso nº 4, quedaría circunscrito aos concretos prazos de execución que no seu caso fixe a eventual resolución de terminación convencional que se dite (en aceptación dos propostos anteriormente) para cada un dos compromisos ofrecidos e aos que poidan fixarse eventualmente na resolución relación á fase de vixilancia de cumprimento da mesma”.